

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**


No salón de plenos do concello de Cerdido, as dez horas e cinco minutos da mañá do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis reúnen en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. Non acudiu José Esmoris Aldao

**1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 27.10.2016.** Os membros do Pleno por maioría dos presentes aprobaron a acta anterior.

**2.-Acordo de non necesidade de aprobar acordos de non dispoñibilidade de créditos, polo incumprimento da regra do gasto.** Leida pola secretaria a seguinte proposta: **Antecedentes de feito** Liquidación do presuposto de 2015 aprobada por Decreto da Alcaldía 61/2016 do día 29/04/2016. Plan económico financeiro (PEF) aprobado polo Pleno do Concello de Cerdido o día 07.07.2015, modificado polo pleno do día 29.10.2015, con carácter bianual (2015-2016) Requirimento da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para a remisión dun acordo de non dispoñibilidade crédito ou na súa contra a non necesidade de facelo. Informe da secretaria – interventora do día 15-12-2016. **Esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:** Primeiro: O concello de Cerdido non vai a realizar acordos de non dispoñibilidade de crédito para recuperar a senda do PEF aprobado, motivado pola execución presupostaria deste exercicio esta xa moi avanzada e a piques de rematar e ademais os datos económicos, presupostarios son favorables. En base a bos resultados presupostarios postos de manifesto na liquidación do presuposto de 2015 cun Remanente de tesoureira positivo, resultado presupostario positivo, cumpre co límite de débeda establecido e non excede do Período Medio de Pagamento establecido e cumprimento coa estabilidade presupostaria e non ten ningunha operación de crédito e posto que o incumprimento da regra de gasto debeuse pola incorporación do remanente de tesorería para realizar maiores gastos Cerdido, 15 de decembro de 2016. Alcalde, Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

**O alcalde**, explica que o acordo ven motivado por un requirimento que realiza a Xunta de Galicia e dado que os indicadores económicos son positivos e que o exercicio esta moi avanzado e o incumprimento da regra do gasto, débese a incorporación de remanentes, proponse ao pleno a adopción deste acordo.

**3.- Presuposto municipal para o ano 2017 e o cadro de persoal.** Leida pola secretaria a seguinte proposta: Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2017 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.274.285,00 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2017, por unha cantidade, tanto a



# Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

nivel de ingresos como de gastos de 1.274.285,00 euros que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	460.156,94	1	Impostos directos	195.000,00
2	Gastos en bens correntes	440.039,34	2	Impostos indirectos	5000,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas e outros ingresos	114.041,81
4	Transferencias correntes	20.900,00	4	Transferencias correntes	690.554,47
		0,00	5	Ingresos patrimoniais	14.300,00
6	Investimentos reais	352.988,72	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	255.388,72
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>Suma</b>		<b>1.274.285,00</b>	<b>Suma</b>		<b>1.274.285,00</b>

**Segundo:** Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2017 que figura como anexo deste acordo :**Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2017 considerárase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. **Cuarto:** Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. ANEXO :CADRO DE PERSOAL 2017.A.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior . Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , e tres abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto .

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
<b>* Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal</b>					
Secretaria - Intervención	A1	Secretaria - Intervención		Cuberta	28
<b>* Escala de administración xeral:</b>					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	22
Auxiliar administrativo	C2	Administración xeral	Auxiliar administrativa	Cuberta	18



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


* Escala de administración especial					
Traballador social - coordinador sociocultural	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta	26

### B.- PERSOAL LABORAL

Denominación	Nº prazas	Situación	Observacións
Conductor da maquinaria municipal	1	Vacante	
Servizos varios	1	Cuberta	
Peón	1	Cuberta	
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacantes	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Socorrista - monitor de natación	1	Vacante	Sen presupostar , incluída na RPT
Animador - sociocultural	1	Vacante	Persoal contratado cunha subvención da Deputación

O **alcalde** , explica que os presupostos municipais subiron ó redor dun 10% en dous períodos consecutivos , apóstase polos investimentos con algo mais de 300.000 ,00 euros en melloras de servizos públicos e vías municipais, un total do 17% do presuposto adicase a promoción e servizos sociais , cumpríndose así coa demanda dos veciños , apóstase polo benestar social e polo servizos públicos de maior calidade, presupostase tamén para promoción do turismo , actividades culturais e deportivas e a promoción do emprego , Son un presupostos realistas .

A **concelleira Ana Rodríguez Montero**,engade que se promociona o emprego porque hai subvencións para contratar a xente , realizase tamén maior número de obras , porque hai mais subvencións, falase de que se aumenta en servizos sociais pero é porque a xunta aumenta as subvencións , ademais o servizo se privatizou contratando a unha empresa para axuda no fogar ,non sendo iguais as condicións laborais das traballadoras da empresa que as do concello, os demais gastos seguen como estaban ,a contía para axudas as familias é a mesma que noutros anos , o importe das subvencións a entidades , tamén é a mesma , en promoción en turismo tamén salvo unha cantidade que se vai adicar a casa de turismo rural que pensa que non é moi elevada e solicita que lle informe sobre que se pensa facer nela. Entende que a casa necesita unha comunicación con a outra edificación e non se explica como non se pode adquirir a comunicación xa existente , pensa que é ridículo que se teña que sacar para despois volver a poñer .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Tamén pregunta a Alcaldía sobre o plan de reforma de vivendas para asentar xente no rural , así como o estado dos tramites para o Polígono industrial .En relación ao presuposto , pensa que son uns presupostos normais e correntes e non lle ve melloras importantes

**O alcalde** , explica que a partida para a casa de turismo rural é para realizar reformas, como poden ser reparacións de azulexos dos cuarto de baño , e mellorar o tema acústico porque parece ser que hai moitas queixas , así mesmo intentarase pedir unha subvención ao INEGA para o tema da calefacción engade que non se pode adquirir a pasarela por unha clausura do contrato que no seu día asinou como alcaldesa e engade que non pensa facer nada en contra a lei .


En relación a privatización dos servizos sociais , contratouse unha empresa para realizar os festivos e fines de semanas , xa que coa contratación dunha traballadora non se cubrían todas as horas solicitadas e pensa que as condicións económicas da traballadora serán as que establece o convenio colectivo. No tema de privatizacións , tamén antes o servizo de urbanismo era privado e agora é un funcionario.

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** engade que si non pensa facer nada en contra a lei que pasou coa casa de Sosloueiros que se tirou sen proxecto e sen nada e a xente di que foi o alcalde e tamén na obra de Sosloueiros non se fixo nada na cuneta cando antes o denunciabais esa irregularidade

O alcalde contesta que unicamente puxo en contacto os propietarios da casa con alguén que estaba interesado e que cando era alcaldesa tamén se facían obras sen licencias, ,na obra de Susloueiros fixose un modificado e cos cartos que sobran realizouse unha nova capa de asfalto e non como se facía antes nas obras que se deixaban moitas partidas sen xustificar e sen realizar como nos lavadoiros, a pérgola do colexio, canalizacións en os casas etc

**O concelleiro Cándido Prieto Lago** , explica que os servizos sociais realizan agora un novo servizo de apoio educativo a cinco nenos que propón conxuntamente a Dirección do colexio e os servizos sociais municipais .

**4.- Modificación da cuantía da dedicación exclusiva da Alcaldía** .Leida pola secretaria a seguinte proposta :Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo incrementando cinco horas semanais a xornada laboral e atendendo o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, o artigo 225 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta. **Primeiro:** A retribución por dedicación exclusiva do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 1.900,00 € brutos mensual . Haberá dúas pagas extraordinarias , unha no mes de xuño e outra no mes de decembro polo importe dunha mensualidade que se devengaran dacordo coa normativa dos empregados públicos .Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste **Concello**. **Segundo:** As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluirá a percepción que se sinale para os membros da corporación por



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte agás os gastos de axudas de custo e indemnizacións e de gastos de viaxes. **Terceiro.** En cumprimento do disposto no artigo 75.5 o presente acordo deberá ser publicado no Taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P e no Portal da transparencia .Cerdido, 22 de decembro de 2016.O Alcalde. **O pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes , aprobou a proposta anterior .** Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , e tres en contra dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto .

**O alcalde** explica que no momento de aceptar a dedicación exclusiva , quedouse co mesmo soldo que tiña a alcaldesa por 35 horas de traballo ,nese momento por non facer modificacións , deixouse o mesmo soldo , xa no presuposto do ano 2016 había unha partida presupostaria para incrementar a cuantía pero non se tocou , e xa no presuposto do ano 2017 se contempla esta subida polas cinco horas a maiores , ata corenta horas semanais .

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** explica que a dedicación que tiña antes , xa era dedicación exclusiva , a mesma que se ten agora , e non entende porque se pretende xustificar a subida polo incremento das cinco horas xa que a dedicación era e é exclusiva .

**O concelleiro Juan Ramos Prieto** , expón que non lle parece mal que se suba o soldo, pero non entende o da ampliación das cinco horas , porque o alcalde se o chama a calquera hora ten que ir.

**O alcalde** explica que o de atender a xente a calquera hora vai co cargo .


### Control e fiscalización dos órganos da Corporación:


#### 5.-Dar conta das resolucións da alcaldía .

Núm	Data	Descrición
<b>Outubro 2016</b>		
215	24/10/2016	Aprobación de gastos. Pago facturas 1042 a 1076
217	24/10/2016	Bases específicas para a contratación de persoal do plan de fomento de emprego rural (Aprol rural) da Xunta de Galicia
218	24/10/2016	Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/15
219	24/10/2016	Contratar persoal para a baixa laboral de persoal de servizos de axuda no fogar.
220	26/10/2016	Proposta de dirección de obra: Modificado II :Estrada O Porto – A Barqueira
221	26/10/2016	Adxudicación do contrato de obra: Modificado II .Estrada O Porto – A Barqueira a empresa Construcciones Concifa S.L.
<b>Novembro 2016</b>		



## Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 981 4 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
222	04/11/2016	Alta no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Escote, 3 A Barqueira
223	07/11/2016	Outorgar a licenza de obra para Substitución de cuberta en Porto, 20-21 - A Barqueira
224	07/11/2016	Prestar a miña conformidade para que a secretaria do concello preste servizos no Concello de Cariño en réxime de acumulación.
225	07/11/2016	Alta no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Vilarelle, 6 Cerdido
226	08/11/2016	Pago facturas 1077 a 1159
227	08/11/2016	Aprobar a relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2016 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e proceder a tramitar o seu cobro.
228	08/11/2016	Contratación de persoal dentro do programa de Mellora de espazos e servizos públicos, subvencionado polo programa Aprod rural da Xunta de Galicia
229	11/11/2016	Convocatoria de Pleno Infantil
230	15/11/2016	Outorgar a licenza de obras para levar a cabo as obras de construción de cuberta en Sete de Abaixo, 3 - A Barqueira
231	18/11/2016	Decreto de aprobación de contrato menor de obra :Casaldaia de abaixo ao Muíño
232	18/11/2016	Decreto de adxudicación de contrato menor do servizo de dirección da obra : Camiño Casaldaia de abaixo o Muíño .
233	18/11/2016	Autorización uso local no Castro para a celebración de aniversario infantil.
234	22/11/2016	Decretos de aprobación de contrato menor para a elaboración de 3000 trípticos sobre a Fraga dos Casás
235	22/11/2016	Decreto de aprobación de contrato menor de servizos de análise de auga potable
236	23/11/2016	Modificación de créditos 10/2016
237	24/11/2016	Adxudicación do contrato de axuda no fogar á empresa Servizos Sociais Virxe do Carne SL
238	25/11/2016	Alta no padrón de habitantes en Regueirolongo, 8 Cerdido
239	25/11/2016	Decreto de contrato menor para realizar os servizos de control de calidade das obras :Estrada Porto a Barqueira e acondicionamento area recreativa o Castro
240	25/11/2016	Outorgar a licenza de demolición do edificio de PB+1 destinado a vivenda no lugar de Felgasas- A Barqueira
241	28/11/2016	Decreto aprobación facturas novembro 2016
242	30/11/2016	Decretos de devolución de garantía do subministro Pick Up
243	30/11/2016	Alta no padrón de habitantes en Campo da Igrexa, 12 Os Casás.




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Decembro 2016		
244	12/02/2016	Decreto de aprobación do proxecto de obra: Reformas na Piscina Municipal de O Castro, Cerdido
245	12/02/2016	Decreto de aprobación proxecto de obra e solicitude de subvención nominativa a Deputación da Coruña . Camiño Felgosas a Casaldaia de arriba
246	12/05/2016	Alta no padrón de habitantes en Vila da Igrexa, 4 Cerdido
247	12/05/2016	Alta no Padrón de Habitantes en Rioforcado, 3 A Barqueira
248	12/05/2016	Modificar o decreto da alcaldía 99/2016 para ampliar o prazo para que as entidades presenten a documentación xustificativa das subvencións municipais.
249	12/05/2016	Autorización uso local clases ESO
250	12/09/2016	Oferta de emprego ao abeiro do APROL RURAL debido a renuncia dunha das persoas contratadas.
251	12/09/2016	Aprobación de gastos. Pago facturas 1240 a 1296
252	12/09/2016	Recibos SAF novembro do 2016
253	12/12/2016	Reintegro de pagos indebidos.
254	13/12/2016	Contratación de persoal ao abeiro do programa de APROL rural
255	15/12/2016	Autorizar o acceso ás facturas de enerxía eléctrica presentadas no concello no último mes para estudio do consumo e proposta de aforro enerxético.
256	15/12/2016	Licenza de edificación Gandeira Panceira
257	15/12/2016	Autorización uso local do Castro ao CEIP da Barqueira
258	19/12/2016	Licenza de edificación a Horticina S.A. para realización dunha balsa de rego en Alto da Mina, A Barqueira
259	19/12/2016	Decreto de ampliación de la prorroga da obriga de desaloxo da casa de turismo rural
260	20/12/2016	Decreto de aprobación dun expediente 11/2016 de transferencia de créditos en materia de persoal
261	20/12/2016	Decreto de aprobación de certificación 1 e final do contrato menor da obra:Camiño de Casaldaia de abaixo ao muíño
262	22/12/2016	Convocatoria de pleno ordinario

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** solicita saber que días vai a secretaria a Cariño e en que horario , O alcalde explica que aínda non empezou a ir ,esta pendente da Resolución da Xunta



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira **Ana Rodríguez Montero**, solicita información sobre o polígono industrial porque xa pasou tempo e no programa electoral dicíase que a primeira fase era xa, o alcalde explica que están traballado no tema e que no momento en que unha empresa forte queira instalarse, o promotor do polígono iniciaría o investimento

**O concelleiro Pablo Casas Cibreiro** engade que a pesar de ter mais persoal no concello aínda hai pistas sen rozar, como poden ser as da Fraga de Cerdido, ou na Felgueiras.

**O alcalde** explica que as pistas que quedan sen rozar son porque non se coñecían, e que no anterior pleno díxose que a pista de Rebordaos estaba sen rozar, e non era certo.

Tras a intervención á vez de varios concelleiros, o alcalde interrompe a discusión e afirma que no pleno el da a palabra os concelleiros.

Non habendo mais rogos e preguntas, a Alcaldía levantou a sesión sendo as once horas do día vinte e nove de decembro de 2016. Do que eu como secretaria dou fe:

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie